

TEMA ABAU - Tema 7

ANTES	AGORA
<ul style="list-style-type: none">▶ Movimentos naturais da poboación.<ul style="list-style-type: none">- Natalidade, mortalidade e fecundidade no réxime demográfico actual.- Desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación.	<ul style="list-style-type: none">▶ Dinámicas demográficas actuais:<ul style="list-style-type: none">- Desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación.- Movements migratorios (1990 á actualidade).
<ul style="list-style-type: none">▶ Mobilidade espacial da poboación.<ul style="list-style-type: none">- O éxodo rural.- A inmigración.	



Prácticos ABAU - Tema 7

ANTES

- Calcular e analizar o índice sintético de fecundidade dun concello, provincia, etc. a partir dos datos do INE ou IGE.
- **Comentar e comparar pirámides de poboación.**
- Gráfica da evolución da poboación activa de España, Galicia, nos últimos 25 anos.
- **Gráfica da transición demográfica en España.**
- Gráfica ou estatísticas coa variable de xénero (actividade, estudos ... feminina).
- **Mapas das porcentaxes de inmigrantes por provincia ou CCAA.**
- **Gráfica da emigración galega.**
- Mapas e gráficos de ocupación por sectores económicos.

AGORA

- Analizar taxas demográficas de Galicia (mov. natural).
- Comentar e comparar pirámides de poboación (década de 1960 e actual).
- Gráfica da transición demográfica en España.



Conceptos ABAU - Tema 7

Censo de poboación (páx 299)

Padrón municipal (páx 299)

Taxa de fecundidade (páx 302)

Esperanza de vida (páx. 302 e 326)

Crecemento vexetativo (páx. 302)

Réxime demográfico (páx. 303)

Poboación activa (páx. 329)



Censo

http://www.ine.es/censos2011/censos2011_cuestionario.pdf

É unha fonte demográfica que reconta de forma individualizada a poboación dun **país** nun momento determinado. Recolle datos demográficos, económicos e sociais: total de efectivos de *feito* e de *dereito*, idade, sexo, estado civil, lugar de nacemento, nacionalidade, nivel de instrución, características económicas... En España, o primeiro censo moderno con certo rigor data de 1857. Desde 1981 realízase cada 10 anos, nos anos rematados en 1. É un documento estático, que recolle datos referidos a un momento determinado: ***momento censual***. É obrigatorio facelo, pero é un documento secreto, xa que só poden publicarse datos globais, non individuais. **O censo do ano 2011 só se fixo sobre unha mostra do 10% da pob...**

Os datos aportados por esta fonte ofrecen información necesaria para a planificación de políticas demográficas, económicas, sanitarias, educativas... ademais tamén permiten asignar recursos económicos estatais, da U.E., das Comunidades Autónomas ou dos Concellos.




http://www.youtube.com/watch?feature=player_embedded&v=_6Jd5XZw_ZQ

Padrón municipal

É unha fonte demográfica que reconta de forma individualizada a poboación dun **municipio**. Recolle datos demográficos, económicos e sociais: total de efectivos, idade, sexo, estado civil, situación de residencia, nacionalidade, ocupación... pero en menor número que o censo.

Tradicionalmente renovábase cada 5 anos. A partir de 1996, modifícase a diario por medios informáticos que se transmiten desde cada Concello ao INE, que actualiza e publica os datos cada 1 de xaneiro. É, polo tanto, un documento dinámico, que se corrixe constantemente cos datos dos nacementos, defuncións, cambios de residencia... É un documento público, que se pode consultar... por exemplo, para comprobar as listas electorais. **A estatística do Padrón Continuo que publica o INE aglutina todos os padróns municipais.**

Os datos aportados por esta fonte ofrecen información necesaria para...



Galicia perdeu cerca de 3.800 habitantes no primeiro semestre de 2018 e sitúase en 2.699.299 personas a 1 de xullo.

O saldo vexetativo -nacementos menos mortes- foi de -9.135 persoas. Pola súa parte, segundo os datos provisionais publicados este xoves polo INE, o saldo migratorio exterior situouse en 5.481 persoas e o migratorio interior, en -138.

Europa Press – 13-12-2018

Taxa de fecundidade xeral

Relaciona o número de nacementos que hai nun determinado lugar ao longo dun ano co número de mulleres en idade de ter fillos, e exprésase en tantos por mil. Pode calcularse tamén a *taxa de fecundidade específica* ou *por idades*, que relacionaría os fillos nados de nais dunha determinada idade con todas as mulleres que tivesen dita idade.

$$\text{Taxa de fecundidade xeral (TFX)} = \frac{\text{Número de nacementos} \times 1000}{\text{Número de mulleres en idade fértil (entre 15 e 49 anos)}}$$


- Taxa de fecundidade alta: máis de 150‰
- Taxa de fecundidade media: 75 – 150‰
- Taxa de fecundidade baixa: menos de 75‰

A taxa de fecundidade xeral en España no ano 2011 foi de 41,25‰ e de 38,99‰ en 2015




Esperanza de vida

É o número medio de anos que, no momento de nacer, se calcula que pode chegar a vivir unha persoa. Para calculala debe relacionarse o número de anos vivido por todos os membros dunha poboación co número de habitantes que ten esa poboación.



Esperanza de vida =
$$\frac{\text{Suma dos anos vividos polos membros dunha poboación}}{\text{Número de habitantes desa poboación}}$$



España ten unha das expectativas de lonxevidade máis altas do mundo, por riba da maior parte dos países da Unión Europea. O aumento na esperanza de vida dos españois continúa e alcanza o seu teito histórico desde que se fan estas estadísticas.


Esa esperanza de vida sitúase en 2013 en 82,8 anos de media. Por sexo os datos alcanzan os 80 anos para os homes e 85,6 para as mulleres.

rtve.es – 24 de xuño de 2014

Crecedemento vexetativo ou natural

É o **balance entre os nacementos e as defuncións** que ten un lugar concreto durante un período de tempo, que xeralmente é un ano. Obtense calculando a diferenza entre os números absolutos de nacementos o defuncións

$$\text{Crec. natural} = \text{Nacementos} - \text{Defuncións}$$



Se o crecedemento vexetativo é **positivo**, a poboación aumenta; se é **negativo**, diminúe. Se coinciden os valores de nacementos e defuncións, o crecedemento será **zero**, polo que a poboación estancarase.


Esa diferenza tamén se pode calcular entre a taxa de natalidade e a taxa de mortalidade. Obtense entón a **taxa de crecedemento natural ou vexetativo**, que adoita expresarse en tantos por cento (%).

$$\text{Taxa de Crec. natural} = \text{Taxa de Natalidade} - \text{Taxa de Mortalidade} = \text{‰} = \%$$


Esa taxa de crecedemento vexetativo será alta se é superior a 2%; media se está entre 2% e 1%; baixa, entre 1% e 0% e negativa, se é inferior a 0%.

CRECIMIENTO VEGETATIVO DURANTE EL PRIMER SEMESTRE DEL AÑO

a Nacimientos
b Defunciones



Fuente: INE. EL PAÍS



-54.944 hab. no ano 2018, son os datos definitivos do ano 2018 publicados polo INE o 11-12-2019.



España sofre en 2018 o menor número de nacementos da serie histórica

Ata xuño, rexistráronse menos de 178.939 nacementos, o peor dato desde que existen rexistros do INE en 1941 (cando a poboación de España era de 26 millóns). A cifra de mortes tamén marca un récord: é a maior desde ese ano, neste tempo faleceron 225.212 persoas. A perda natural de poboación dispárase, xa son 46.273 persoas menos.

elpais.com, 11-12-2018


Réxime demográfico

É cada unha das etapas ou fases polas que pasa o modelo de *transición demográfica* ou evolución do movemento natural dunha poboación, nas que a natalidade, a mortalidade e o crecemento natural presentan características homoxéneas. Esas etapas son:

- O **réxime demográfico antigo**, caracterizada por altas taxas de natalidade (non control, fillos = axuda nunha economía agraria...) e unha mortalidade alta e oscilante (baixo nivel de vida, deficientes condicións hixiénicas, sanitarias... agudizadas en caso de guerra, crise de subsistencia...), o que da lugar a un crecemento baixo e mesmo negativo, coincidindo con momentos de mortalidade catastrófica.

- A **transición demográfica**, caracterizada por un descenso importante da mortalidade e un descenso suave da natalidade, o que provoca un crecemento natural elevado.


- O **réxime demográfico moderno**, caracterizada por unha baixa taxa de natalidade (control voluntario, nais incorporadas ao mundo laboral, fillos = gastos...) e unha mortalidade baixa, pero en aumento debido ao avellentamento da poboación, o que leva a un crecemento baixo.



En España, o paso dunha etapa a outra foi máis tardía que noutros países europeos.

Poboación activa

Conxunto de persoas que se atopan en idade apta para traballar (>16 anos) e que subministran man de obra para a produción de bens e servizos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse a esta produción. Polo tanto, comprende á poboación que ten un traballo remunerado (*poboación activa ocupada*) e á que busca activamente un emprego (*poboación activa desocupada*), ben porque está no paro ou ben porque está buscando por primeira vez un emprego.



- Na actualidade en España a porcentaxe de poboación activa desocupada é moi alta, no outono do ano 2012 por primeira vez a taxa de paro superou o 25%, sendo o número de parados superior a 5,7 millóns de persoas. Afortunadamente as cifras baixaron, no terceiro trimestre do ano 2019 a taxa era de 13,92% e o número de parados era de case 3,2 millóns, segundo os datos da *Enquisa de Poboación Activa* (EPA), publicada polo INE.

- A maior parte da poboación activa española (75,6% no primeiro trimestre do ano 2017), traballa no sector terciario ou sector servizos.